

Ramón Villares presenta, revisado e ampliado, en forma de ensaio, o que foi o seu discurso de ingreso na RAG: *Fuga e retorno de Adrián Solovio. Sobre a educación sentimental dun intelectual galeguista*. Nesta obra, Villares fai unha disección cirúrxica, cabería dicir, de canto de Otero Pedrayo hai no protagonista de *Arredor de si* e de canto deste desexaría ter o escritor de Trasalba.

Arredor de si foi vista, desde o primeiro momento, como un texto de carácter autobiográfico enmarcada no que se consideran “novelas de aprendizaxe”. Villares acepta tal circunstancia e desde a súa condición de historiador, aborda a comparación entre as experiencias vital (de Otero) e literaria (Solovio) na conformación de cadansúa personalidade.

Neste senso, non racha a consideración tópica do autor de *Arredor de si* (forma parte da “xeración Nós”) nin do papel da novela como descubrimento de Galicia para o protagonista e para os mozos que, ata hoxe, fixeron do texto oteriano unha vía iniciática. Solovio simboliza unha xeración: a que descubriu a necesidade de modernizar Gali-

cia.

Pero a análise que fai Villares (antes de chegar á brillante parte final do ensaio, cando analiza o papel de Martiño Dumbria (Devalar) como símbolo da xeración do SEG) parte dun erro metodolóxico, ao meu ver, en canto á análise textual: se *Arredor de si* é un texto autobiográfico non pode ser novela de aprendizaxe (en tanto que o seu protagonista ten que ser absolutamente ficcional); mais se se trata dun *Bildungsroman*, non pode respectar a premisa fundamental dos textos autobiográficos: o pacto co lector, que estableceu Philippe Lejeune.

Nese xogo de espellos Otero

Autorretrato dunha xeración

Sen arredarse dos tópicos

JOAQUIM VENTURA



/Solovio aparece canto do segundo lle faltaba ao primeiro pero todo iso envolto na realidade artística coa que en París e Berlín podería dar Solovio no caso de ter viaxado. O malo é que Otero non fixo tal cousa ata a súa viaxe de vodas e daquela non sabía (aínda) quen era Valery Larbaud, por exemplo.

E non saír dos tópicos que envolven a *Arredor de si* e, por extensión, a Otero Pedrayo e ao grupo ourensán de Nós, como fai Villares, impide entender que a razón do de Trasalba á hora de debuxar a Adrián Solovio non era describir a súa xeración senón salvarse a si mesmo: Solovio actúa de contraespello para facer un novo retrato do seu autor, Otero Pedrayo, disipante durante anos ante o duro labor dos galeguistas.

Unha última observación. Na análise de Villares atopamos en falta a cita dunha tese de doutoramento, dedicada aos textos autobiográficos dos homes de Nós, defendida en 1997.

VILLARES, Ramón, *Fuga e retorno de Adrián Solovio*, Ed. Galaxia, Vigo, 2018, PVP 18, 70 €

Aluvión de sentimentos

Un caudal de experiencias humanas

ROMÁN RAÑA

Podemos afirmar que *As bolboretas do Mekong*, de Cesáreo Sánchez Iglesias é un libro de viaxes (que libro non o é?). Dalgún xeito, o autor vén prolongar a o poemario *Caderno do Nilo* (2013). Neste caso explora, como indica o subtítulo, a península de Indochina. Os poemas recapitulan as experiencias vividas e sentidas en tan longas distancias e gravan no papel o aluvión de sentimentos que se foron xerando. Máis de duascenas páxinas confirman a intensidade do périplo.


Porén, Sánchez Iglesias emprende tres viaxes. A primeira realízase no espazo. Despois de percorrer millares de quilómetros e, ao entrar en contacto co país exótico, prodúcese a segunda viaxe, a que o transporta no tempo ao terror da guerra contra Estados Unidos nos anos setenta: “Chámame a adolescencia que é muro branco e habita/a cidade, os gritos de roto cristal. Son cego lugar”. As lembranzas do conflito bélico provocan a terceira viaxe. Sen solución de continuidade, nun plano simultáneo, descríbense as

atrocidades en terras vietnamitas e, de súpeto, estamos na Galiza, no territorio devastado pola guerra civil, pola represión do fascismo: “Vou á terra feita de terra miña, dorida no poema comeza, respira dorida. Vou para talvez non chegar”.

Deste xeito un lugar é todos os lugares, ao igual que un tempo é todos os tempos que se superpoñen, xustapoñen e confunden. Seguindo este roteiro, unha guerra é todas as guerras e nada pode deter a loita contra as inxustizas alí onde se producen. Por iso o noso escritor identifica o padecemento das xentes como o nexo de unión dos oprimidos (como non lembrar o poema Irmaus de Celso Emilio Ferreiro, radicalmente actual?) ou dito belamente: “Na miña mao cruzan todos os camiños. / A vida vai busca o seu lugar onde nacer no calendario/dos homes”.

O lector pode viaxar así mesma a través destas páxinas poboadas de entardecidos pletóricos, de cerimoniais enigmáticas, de silencios metafísicos..., en fin, un caudal de experiencias humanas.

SÁNCHEZ IGLESIAS, C., *As bolboretas do Mekong*, Ed. Xerais, Vigo, 2019, PVP 18 €



Ler para habitarmos o mundo

Historias necesarias

ESTRO MONTAÑA

Trinta anos estudando a importancia da lectura, en *Ler o mundo*, Michèle Petit reivindica a literatura escrita, pero tamén a oral, á procura dunha linguaxe que non sexa meramente referencial. A lingua non pode ser só o vehículo para dar ordes ou transmitir mensaxes; ficción e metáfora debeñen tan imprescindibles, como a comida ou os soños. Os libros conforman unha fogueira que mantén vivo o espírito; as historias son tan necesarias como o aire que respiramos; xa que logo hai que achegar aos nenos alimentos culturais que lles permitan simbolizar as emocións e axudarlles a dar unha forma ao caos do mundo.

A autora estudou a importancia da lectura en ambientes moi variados entre emigrantes, nenos da guerra ou universidades de elite e participou en numerosas ex-

periencias relacionadas cos excluídos da terra, os paseos literarios e as bibliotecas públicas. Asemade reivindica en todo momento un concepto artístico da literatura. Lendas, contos, cancións... son fundamentais para os humanos, que precisan imaxinación, xogo, simbolización e beleza para vivir con plenitude.

Michele Petit afirma que é preciso dispoñer dunha chave que nos dea acceso ao goce da linguaxe, lonxe de todo concepto utilitarista. Cómpre levantarmos o veo da fealdade e mergullar nos esplendores no universo. Nesa tarefa son importantes os mediadores culturais e, como non, os profesores.

Os soños, o desexo e as fantasías deben primar sobre outros criterios como a rendibilidade académica ou o dominio da sintaxe.

PÉTTI, Michèle, *Ler o mundo* (trad. F. Moreiras), Ed. Kalandraka, Pontevedra, 2018, PVP 15 €



Desexos e realidade

Entre a natureza e a maxia

MARÍA NAVARRO

O desexo e a realidade cóan se nas páxinas de *Os ollos do Tangaleirón* a partes iguais. Aínda que sería máis axustado falar de desexos e realidades en plural para darlles cabida a cuestións que teñen que ver co medioambiente, coa ciencia ao servizo do home ou co papel que xoga a muller en determinados ámbitos que ata hai ben pouco lle estaban vedados.

O relato comeza na casa de tío Malaquías onde María Magdalena, Lena para os amigos, entabla unha conversa con alguén ao que chama *cachimán* e ao que se nega a coñecer en persoa. Logo imos sabendo doutros personaxes para desembocar, mediado o libro, no desexo de responder á chamada de Abel, mozo que pretende a colaboración desta iniciada en criptozoología para amosar a existencia do Tangaleirón, o abominable home das neves que habita nos Ancares.

Despois de non poucos impedimentos, parte en compañía da tía África, quen de moza mantivo un

activismo científico que a levou a percorrer lugares onde a man do home se estaba deixando notar de forma negativa na paisaxe.

A natureza, frondosa, revélase, entón, como o escenario ideal dun ser, o vello das montañas, que habita a comarca para protexer o ritmo de vida rural que lembra aos antigos poboadores das tribus celtas.

Xosé A. Neira Cruz, confesa reflexionar sobre a rapidez dos cambios que está a vivir a sociedade actual e sobre a caducidade de aparellos e contidos tecnolóxicos. Por iso se atreveu a modificar agora aquilo que ficou obsoleto logo dos vinte anos transcurridos dese a primeira edición do texto. Porén, mantén sempre a esencia inicial

do mesmo, porque as emocións, os sentimentos e mais as relacións interpersonais continúan a devir as mesmas.

NEIRA CRUZ, X.A., *Os ollos do tangaleirón*, Ed. Galaxia, Vigo, 2018, PVP 11, 59 €

